

A VIAXE

Pero eu non podo seguir os seus pasos, teño que saír adiante. Buscarei a maneira de marchar do país, non a Arxentina como todos os republicanos, iso sería moi obvio, Non sei cara a onde tirarei, pero para algún país nórdico de Europa seguro. Isto pareceulle gracioso a Alicia dada a miña inimizade co frío, pero xa é hora dun cambio, ou de varios.

Comezarei por cortar e tinguir o pelo, algunha cor brillante, seguramente de vermello. Deixarei todo en Galicia, collerei unha mochila cunha muda de roupa e diñeiro, e xa mirarei o que o futuro me depara, malo será que quede polo camiño. Alicia axudoume a elixir un novo estilo e a preparar uns bocadillos para o camiño.

Xa todo estaba listo, a chave da casa agochada onde sempre por se meu pai chegaba antes ca min, e eu camiño de Dinamarca cunha mochila e dous bocadillos de xamón.

María Bernárdez González 3ºC